



CIRCULAR 80 – 2018

REGULAMENTO DA VII LIGA GALEGA ABANCA CATEGORÍA MENORES DE INVERNO

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas 2014 – 2018.*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organizará a **VII Liga Galega ABANCA CATEGORÍA MENORES DE INVERNO** para as categorías benxamín/Sub10, alevín/Sub12 e infantil/Sub14 integrada por dúas xornadas: unha fase previa composta de tres zonas: zona provincial A Coruña, zona provincial Pontevedra e zona provincial Lugo - Ourense e unha fase final autonómica (Ourense, 22 de decembro).

No caso de non haber participación suficiente nunha das fases a organización poderá realizar cambios.

Art.2). Poderán participar todos os clubs con atletas con licenza federada que confirmen a súa participación á dirección técnica da FGA:

(direcciontecnica@atletismo.gal) antes das 20:00h do día 2 de novembro no anexo que se adxunta.

Art.3). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes anterior á celebración da proba.

Art.4). Para clasificarse na fase final autonómica será obrigatorio participar na fase correspondente. Clasificarase o primeiro equipo de cada unha das fases e as cinco mellores puntuacións do total dos equipos participantes por enfrontamento directo nun encontro ficticio cas marcas das fases previas.

Art.5). Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar un máximo de dúas probas por xornada (non podendo realizar o 500 e o 1000 no mesmo día. O relevo conta coma proba). En cada proba puntuarán dous atletas por entidade.

Art.6). Na categoría benxamín/Sub10 e alevín/Sub12 os clubs poderán deixar sen cubrir unha das probas (ex. Poderán deixar sen cubrir unha proba individual ou o relevo ou dúas probas individuais con un único participante). Na categoría infantil/Sub14, poderán deixar sen cubrir dúas das probas (ex. Poderán deixar sen cubrir dúas probas individuais, unha proba individual e o relevo, tres participacións en probas individuais e o relevo ou catro participacións en probas individuais).

Art.7) O límite de participacións de clubs asociados e de dous en benxamín/Sub10 e alevín/Sub12 e 4 en infantil/Sub14.

Art.8). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



Art.9). Número de intentos e cadencias: Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante realizará 4 intentos.

Art.10). Ao rematar a liga entregaranse trofeos aos tres primeiros equipos de cada categoría e medallas a cada un dos compoñentes dos tres primeiros equipos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se entregará o trofeo. Proclamarase campión o equipo que obteña maior cantidade de puntos.

Art.11). O Delegado oficial de cada equipo poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.

Art.12). Alturas dos listóns e distancias das táboas: Comunicarase unha vez rematado o prazo de inscrición (sendo as mesmas para as tres fases).

Art.13). Para as categorías benxamín/Sub 10 e alevín/Sub 12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nin medición do vento nas probas de velocidade, valados e saltos horizontais. Para a categoría infantil/Sub 14 é obrigatoria a saída en 4 apoios con ou sen tacos e non se permitirá ningunha saída nula sendo preciso a utilización de anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.

Art.14). O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso estableceráse o seguinte criterio, 1º: N, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs x2 que participan. Os relevos puntuaranse como N, N-1... sendo N o número de equipos (ex: se hai 8 equipos as probas individuais puntuarán 16,15,14... e os relevos 8,7,6...). Os atletas (ou equipos) retirados ou descalificados non puntúan.

Art.15). Programa de probas da competición:

CATEGORÍA		
Benx/Sub10	Alev/Sub12	Inf/Sub14
50	60	60
500	500	500
1000	1000	1000
		60v. 0,84/0,76
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 3kg
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura
		Pértega
		Triplo
4x60	4x60	4x60

Art.16). Horario provisional (o definitivo publicarase o mércores anterior cos participantes inscritos)

Art.17) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo coas normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

HORARIO PROVISIONAL						
Proba	Categoría	Sexo	Hora	Proba	Categoría	Sexo
60v	Inf/Sub14	H	10:00	Altura	Ben/Sub10	M/H
				Peso 2kg	Alv/Sub12	M/H
				Lonx	Inf/Sub14	M/H
60v	Inf/Sub14	M	10:10			
60	Alv/Sub12	M	10:20			
60	Alv/Sub12	H	10:30			
60	Inf/Sub14	M	10:40			
60	Inf/Sub14	H	10:50	Peso 1kg	Ben/Sub10	M/H
				Lonx	Alv/Sub12	M/H
50	Benx/Sub10	M	11:00	Altura	Inf/Sub14	M/H
50	Benx/Sub10	H	11:10			
500	Inf/Sub10	M	11:20			
500	Inf/Sub14	H	11:25			
500	Alv/Sub12	M	11:30			
500	Alv/Sub12	H	11:35			
500	Benx/Sub10	M	11:40	Lonx	Benx/Sub10	M/H
				Peso 3kg	Inf/Sub14	M/H
500	Benx/Sub10	H	11:45			
1000	Inf/Sub14	M	11:50			
1000	Inf/Sub14	H	12:00			
1000	Benx/Sub10	M	12:10			
1000	Ben/Sub10	H	12:20	Altura	Alv/Sub12	M/H
1000	Alv/Sub12	M	12:30	Pértega	Inf/Sub14	M/H
				Triplo	Inf/Sub14	M/H
1000	Alv/Sub12	H	12:40			
4x60	Ben/Sub10	M	12:50			
4x60	Ben/Sub10	H	13:00			
4x60	Alv/Sub12	M	13:10			
4x60	Alv/Sub12	H	13:20			
4x60	Inf/Sub14	M	13:30			
4x60	Inf/Sub14	H	13:40			

A Coruña, a 21 de outubro de 2018



Carlos Castro Vicente

Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo



ANEXO: FOLLA DE INSCRICIÓN

O club _____ confirma a súa participación na **VII LIGA GALEGA ABANCA CATEGORÍA MENORES DE INVERNO** nas seguintes categorías e fases (marcar cunha X):

	Benxamín Sub10 Masc.	Benxamín Sub10 Feminino	Alevín Sub12 Masculino	Alevín Sub12 Feminino	Infantil Sub14 Masculino	Infantil Sub14 Feminino
I Xornada Provincia A Coruña Data: 1 de decembro Sede: A Coruña						

	Benxamín Sub10 Masc.	Benxamín Sub10 Feminino	Alevín Sub12 Masculino	Alevín Sub12 Feminino	Infantil Sub14 Masculino	Infantil Sub14 Feminino
I Xornada Provincia Pontevedra Data: 1 de decembro Sede: Pontevedra						

	Benxamín Sub10 Masc.	Benxamín Sub10 Feminino	Alevín Sub12 Masculino	Alevín Sub12 Feminino	Infantil Sub14 Masculino	Infantil Sub14 Feminino
I Xornada Provincias Lugo- Ourense Data: 15 decembro Sede: Ourense						

Enviar por correo electrónico a FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) antes das 20:00h do día 2 de novembro.

Selo da Entidade

Asdo.:

Delegado/a do equipo _____

En _____, a _____ de _____ de 2018